



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN ARELA NO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE CAPTACIÓN, VALORACIÓN, FORMACIÓN E SEGUIMENTO DE PERSOAS OU FAMILIAS PARA CONVIVIR CON ADOLESCENTES QUE TEÑAN QUE CUMPRIR UNHA MEDIDA DE CONVIVENCIA CON PERSOA OU FAMILIA NAS PROVINCIAS DE CORUÑA E PONTEVEDRA.

En Santiago de Compostela, a 2 de abril de 2018

REUNIDOS

Dunha parte José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e segundo o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, don Santiago Fernández Fandiño, con DNI n.º 36114736K, presidente da Asociación Arela, que actúa en nome e representación desta, con CIF n.º G36846152 e con domicilio social en rúa Ernesto Lecuona n.º 11 baixo de Vigo, estando expresamente facultado para a formalización do convenio en virtude dos estatutos da asociación, que constan inscritos no Rexistro Central de asociacións co número 1998-127-1.

Ambas as dúas partes, con capacidade xurídica bastante e os representantes con poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar as súas representadas,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.

A Consellería de Política Social, través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a



execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en diante LORPM).

SEGUNDO.

O artigo 7. 1. j) da LORPM regula dentro das medidas susceptibles de ser impostas aos menores a de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo.

A persoa sometida a esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xuíz, con outra persoa, cunha familia distinta a súa ou cun grupo educativo, axeitadamente seleccionados para orientala no seu proceso de socialización.

TERCEIRO.

A asociación ARELA, inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E4168, é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade en Galicia en situación de desprotección e/ou conflito social, fomentando iniciativas de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

CUARTO.

Un dos aspectos claves sobre os que se vertebra a medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo é a existencia de persoas ou familias que colaboren na execución da dita medida, proporcionando á persoa menor un entorno diferente ao propio, no que desenvolva as súas vivencias básicas e educativas.

QUINTO. A asociación ARELA desenvolveu na provincia da Coruña un programa destinado á captación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias para convivir con adolescentes que teñan que cumprir coa medida de convivencia, establecendo unha rede de contactos e relacións que a configura como referente para persoas ou familias interesadas en colaborar na medida.

Esta entidade ten subscrito coa Consellería de Política Social un convenio de colaboración para levar a cabo a unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores na provincia de Pontevedra.



Ao abeiro do establecido no dito convenio leva a cabo un labor centrado na reinserción e reeducación das persoas menores que executan medidas non privativas de liberdade nesa provincia, incluída a de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, o que redunda nun coñecemento directo das características das persoas menores de cara a seleccionar a persoa ou familia máis idónea. A maior abundamento dispón dun tecido asociativo amplo, o que facilita a difusión e visibilidade do programa.

SEXTO. O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro no exercicio das funcións que lle correspondan ao abeiro do establecido na dita lei.

SÉTIMO. A Consellería de Política Social considera de especial importancia establecer un marco de colaboración coa Asociación Arela que permita a captación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias para convivir con adolescentes que teñan que cumprir unha medida de convivencia con persoa ou familia nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

OITAVO. A Consellería de Política Social e a asociación ARELA teñen como obxectivo común procurar a súa reinserción e reeducación das persoas menores para o que consideran necesario contar con persoas ou familias que colaboren na execución da medida de convivencia, na súa vertente de convivencia con outra persoa ou familia, proporcionando á persoa menor un contexto social normalizado e estruturado nun entorno diferente do seu, no que desenvolver as súas vivencias básicas e educativas.

NOVENO. Ambas partes teñen en conta as Regras Mínimas das Nacións Unidas para a Administración de Xustiza a Menores (Regras de BeBeijing), do 29 de novembro de 1985 e na Convención sobre os dereitos do neno de 20 de novembro de 1989.

Polo exposto, as partes comparecentes na representación que ostentan acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a Asociación ARELA para o financiamento dun programa dirixido á captación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias para convivir con

menores que teñan que cumprir unha medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, posibilitando o mantemento dunha rede que permita en todo momento a execución das medidas deste tipo que diten os xulgados de menores de Coruña e Pontevedra.

SEGUNDA. Beneficiarios da actividade

Persoas menores que teñan que cumprir unha medida de convivencia con outra persoa ou familia imposta polos Xulgados de Menores de A Coruña e Pontevedra en virtude de sentenza firme ou auto de adopción de medida preventiva.

TERCEIRA. Obxectivos e actividades

O obxectivo xeral do programa é contar cunha rede de persoas ou familias en disposición de proporcionar ao menor un ambiente de socialización positivo, mediante a súa convivencia, durante o tempo determinado polo xuíz, cunha persoa ou familia distinta a súa que se ofrezca a cumprir a función da familia no que respecta ao desenvolvemento de pautas socioafectivas prosociais no menor.

Como obxectivos específicos establécense:

- Establecer canles de comunicación con diferentes foros, entidades asociacións co fin de publicitar o programa.
- Difundir información dirixida á sociedade sobre a lei do menor, as medidas xudiciais e particularmente a medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo e a existencia do programa.
- Informar e formar aos interesados no programa sobre as necesidades e características dos menores.
- Dotar ás persoas e familias do programa de habilidades e estratexias para afrontar a convivencia durante a medida.
- Constituír un espazo de referencia para as persoas e familias de convivencia.
- Establecer unha coordinación eficaz cos profesionais implicados no proceso de execución da medida.

Para a súa consecución, as actuacións que se compromete a levar a cabo a Asociación ARELA durante o período son:

- Captar persoas susceptibles de convivencia cun menor sometido a execución dunha medida xudicial mediante a difusión do programa a través de medios de comunicación e redes sociais así como contactos con institucións, colexios profesionais e colectivos asociacionais.

- Valorar os/as solicitantes mediante entrevistas de carácter psicosocial e visitas domiciliarias por parte das entidades, finalizando cun informe sobre o/a solicitante.

A persoa ou persoas que integren a familia e acepten convivir co menor adquirirán as obrigas civís propias da garda e deberán cumprir necesariamente os seguinte requisitos:

- Estar en pleno exercicio dos seus dereitos civís.
- Non estaren incursas en ningunha das causas de inhabilidade establecidas para os titores no Código Civil.

- Formar ás persoas seleccionadas sobre os seguintes aspectos:

- Marco legal aplicable
- A relación intrafamiliar (organización familiar, normas e límites)
- Habilidades e estratexias na convivencia cun menor
- As redes sociais e a súa incidencia no ámbito competencial
- Perfil dos menores sometidos ao cumprimento de medidas xudiciais

A formación terá carácter grupal e individual. Neste último caso atenderanse aquelas dúbidas, contidos, habilidades e estratexias que se revelan necesarias co fin de reforzar a formación grupal inicial.

- Levar a cabo un seguimento periódico das familias pertencentes ao programa que estén no banco de familias en espera de acoller, con obxecto de verificar a súa permanencia no programa e a súa situación persoal, socioeconómica e familiar así como as características dos menores susceptibles de ser acollidos. Así mesmo, facer un seguimento das persoas ou familias que estén no programa, en coordinación co persoal responsable da execución da medida e a entidade pública, coa finalidade de afondar nos diferentes aspectos que poidan ter interese para estas, prestarlles o asesoramento e atención que requiran durante a execución da medida.

CUARTA. Compromisos da Consellería de Política Social

Para o desenvolvemento do programa a Consellería de Política Social comprométese a:

1. Levar un rexistro actualizado das persoas e familias que colaboran no programa.
- 2.- Establecer mecanismos de coordinación cos responsables de programa, co fin de seleccionar axeitadamente a persoa ou familia de convivencia,

atendendo ao perfil da persoa menor e as características da unidade de convivencia.

3. Supervisar e coordinar as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa, asegurando que as mesmas se axustan ao obxecto do presente convenio.

QUINTA. Compromisos da Asociación ARELA

No desenvolvemento do programa a Asociación ARELA comprométese a levar a cabo os obxectivos e actividades sinalados na cláusula terceira e ademais a:

1. Designar un coordinador/a xeral, máximo responsable do programa, que desenvolva as actuacións de coordinación interprovincial e de relacións coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, así como os profesionais necesarios que levarán a cabo o programa nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

2.-Proporcionar a través dos seus propios medios ou contando coa colaboración de institucións e entidades, os locais onde se levarán a cabo as actividades de difusión do programa así como a formación das persoas ou familias que colaboren no programa.

3. Comunicar á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica as altas e baixas no programa. No caso de que se formalice unha alta no programa debe achegarse toda a documentación necesaria para a súa inclusión no rexistro de persoas ou familias para a execución da medida de convivencia con persoa, familia ou grupo educativo desta dirección xeral.

4. Coordinarse coas xefaturas territoriais competentes de cara a valorar a persoa ou familia axeitada para a execución da medida de convivencia con persoa ou familia e levar a cabo a formalización da dita convivencia.

5. Comunicar á xefatura territorial competente, e no seu caso ao técnico responsable da execución da medida de convivencia con outra persoa ou grupo educativo calquera incidencia que se produza na unidade de convivencia co fin de que dita incidencia sexa comunicada ao xulgado e fiscalía de menores competente.

6.-Enviar semestralmente un informe sobre as actuacións levadas a cabo no programa á xefatura territorial correspondente así como á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

7.-Elaborar, dentro do mes seguinte á finalización do programa, unha memoria na que se recollerán entre outros os seguintes aspectos: actividades realizadas

(captación, valoración, formación e seguimento), recursos empregados, datos estatísticos, resultados obtidos , valoración global e propostas de mellora.

SEXTA. Persoal para o desenvolvemento do programa

Para o desenvolvemento do programa Arela contará cun equipo formado por un/ unha psicólogo/a así como un/ha traballador/a social ou educador/a social que desempeñarán as súas funcións a tempo parcial. Ademais contará coa colaboración dun coordinador/a que desenvolva as actuacións de coordinación interprovincial e de relacións coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

O equipo que Arela poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser esta entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e a que ostente respecto destes o correspondente poder de dirección , conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de empregador.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan o programa e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA. Condicións económicas

Para a realización do programa a Consellería de Política Social comprométese a achegar á Asociación ARELA a cantidade de 27.150 €, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 12.02.312B.228 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018. A devandita achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Para o abono da compensación a entidade colaboradora presentará á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica , dentro dos cinco días seguintes ao mes no que se levou a cabo a actividade conveniada, os seguintes documentos:

- a).-A factura correspondente, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- b).-Informe no que se recollan as actividades realizadas durante o periodo.



Así mesmo, deben aportar con ocasión da primeira facturación da actividade desenvolvida certificación da entidade onde conste o persoal que leva a cabo a actividade, titulación, tipo de contrato e dedicación horaria. Unha vez aportada só é preciso remitila en caso de que sufra variación.

OITAVA. Protección de datos

Ambas as dúas partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución do presente convenio, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da dita lei, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

No seu cumprimento , a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, responsable dos ficheiros “ *Xestión de Servizos Sociais*” e *Relacións administrativas coa cidadanía e entidades*, regulados pola Orde do 15 de decembro de 2011(DOG n.º 246, do 27 de decembro) autoriza a Arela, como encargada do tratamento, o acceso aos datos de carácter persoal contidos no devandito ficheiro, para os únicos efectos de execución deste convenio.

A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

A asociación Arela tratará os datos só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. En particular, deberán prestar cumprimento ás previsión establecidas para o ficheiro de Servizos Sociais incluído no anexo I da Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Política Social. Os datos persoais aos que teñan acceso os encargados do tratamento non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

O/a responsable do ficheiro, e de ser o caso , as persoas encargadas do tratamento deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativas precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados. A Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería dispón que o ficheiro ten un nivel de seguridade alto, polo tanto será precisa a aplicación das medidas de seguridade previstas no Título VIII do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.



Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ao responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Porén non procederá a destrución dos datos cando exista unha previsión legal que esixa a súa conservación; neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo o responsable do ficheiro a dita conservación.

Os/as encargados/as do tratamento conservarán os datos, debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación co/coa responsable do ficheiro.

O/ as encargados/as do tratamento responderán directamente ante a Axencia Española de Protección de Datos dos incumprimentos que se puideran derivar das condicións anteriores.

Por outra banda, en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 4/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais que facilite a asociación con motivo da tramitación do convenio quedarán rexistrados nun ficheiro titularidade da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 15 de decembro de 2011, denominado " Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. Poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico á sxt.politicasocial@xunta.gal.

NOVENA. Seguimento

Para o seguimento deste convenio de colaboración se creará unha Comisión Mixta de Seguimento que terá como funcións velar polo cumprimento do que nel se establece, tratar de resolver as cuestións que xurdan durante a súa execución, así como avaliar o seu funcionamento e eficacia.

Esta comisión estará integrada por:

- A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa que a supla de acordo co establecido no Decreto 176/2015, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.
- O presidente da Asociación ARELA.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario/ a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A comisión reunirase polo menos unha vez ao ano; unha tras a sinatura deste convenio e outra tras a remisión da memoria anual. Ademais se reunirán tantas veces como sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

A dita comisión réxese polo establecido neste convenio e polas previsións que para os órganos colexiados se conteñen na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

DÉCIMA. Vixencia

O presente convenio de colaboración terá unha duración dende a data da súa sinatura ate o 31 de decembro de 2018.

DÉCIMO PRIMEIRA. Causas de resolución e efectos

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social poderá esixir o reintegro das cantidades aportadas.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015.

DÉCIMO SEGUNDA. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio de colaboración terá carácter administrativo e os seus efectos se rexen polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e o establecido na normativa que regula a contratación do sector público para resolver as lagoas e dúbidas que puideren presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan da súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas pola Consellería de Política Social, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento



administrativo común das administracións públicas ou directamente no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o disposto na Lei 29/1998, de 13 de xuño, reguladora desta xurisdición.

DÉCIMO TERCEIRA. Publicidade

O convenio quedará sometido en canto a súa publicidade ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno .

A Asociación ARELA terá a obriga de subministrar á consellería toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de acordo co disposto no artigo 4 da dita lei.

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por duplicado, no lugar e data expresados.

O Conselleiro De Política Social

O Presidente Da Asociación Arela

José Manuel Rey Varela

Ricardo Fernandez Fandiño



Anexo I

DESAGREGACIÓN DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN ARELA	
Persoal (psicologo/a e traballador/a social ou educador/a social)	19.922 €
Xestión-coordinación técnica	1.786,81€
Telefonía	475 €
Publicidade	500 €
Material funxible	400 €
Dietas	3.166€
Aluguer salas	900 €
TOTAL	27.150 €